



**EXPEDIENTE:** PR946B 2016/000033-0  
**SOLICITANTE:** FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA  
**Nº REGISTRO:** F-00334

## **RESOLUCIÓN**

Á vista da solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 3 /2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e co Decreto 85/2014 do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e demais normativa aplicable é polo que:

### **RESOLVO:**

Anotar no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia as modificacións seguintes:

**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS. Aprobación dos Estatutos para a súa adaptación á lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia en assemblea xeral extraordinaria de 26 de novembro de 2016.**

De acordo co artigo 54.7 da lei 3/2012 de 2 de abril os estatutos das federacións deportivas e as súas modificacións publicaranse no DOG, previa aprobación de estos pola administración autonómica no prazo máximo de tres meses dende a súa presentación no rexistro.

Contra esta Resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde a data de notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza del Galicia no prazo de dous meses a contar desde a data de notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, a 12 de decembro de 2016

**A secretaria xeral para o deporte**

  
Marta Míguez Telle



SR. PRESIDENTE DE FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA



**EXPEDIENTE:** PR946B 2016/000033-0  
**SOLICITANTE:** FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA  
**Nº REXISTRO:** F-00334

### NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

Notifícolle que con data 12/12/2016 o/a Secretaría Xeral para o Deporte dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Á vista da solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 3 /2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e co Decreto 85/2014 do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e demais normativa aplicable é polo que:

#### RESOLVO:

Anotar no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia as modificacións seguintes:

**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.** Aprobación dos Estatutos para a súa adaptación á lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia en asemblea xeral extraordinaria do 26 de novembro de 2016

Contra esta Resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde a data de notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza del Galicia no prazo de dous meses a contar desde a data de notificación da presente resolución.”

Santiago de Compostela, a 12 de decembro de 2016

O xefe de sección

Joaquín Vila Sampayo



SR. PRESIDENTE DE FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA





# ESTATUTOS DA FEDERACIÓN COLUMBOFILO GALEGA

DILIXENCIA para facer constar que os presentes Estatutos da entidade Federación Columbofila Galega foron ratificados e inscritos co núm. F. 00334 no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

Santiago, a 12 de maio de 2012

O/A FUNCIONARIO/A



XUNTA  
DE GALICIA




DEPORTE  
GALEGO


# TÍTULO I

## DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ESTRUCTURA TERRITORIAL, OBXECTO E FUNCIÓNS, NORMATIVA APLICABLE, IMPACTO MEDIOAMBIENTAL E NEUTRALIDADE DE XÉNERO

### Artigo 1. Denominación




1. A Federación Columbófila Galega (en adiante a Federación ou FCG) é unha entidade privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que ten por obxecto, mediante a integración de clubs deportivos, deportistas e xuíces, a práctica do deporte da columbofilia en calquera das actividades fixadas pola Federación Internacional de Columbofilia e pola Real Federación Colombófila Española (RFCE), así como a de promover, regulamentar e organizar a columbofilia con finalidade deportiva no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A Federación exerce por delegación, ademais das súas propias atribucións, funcións públicas de carácter administrativo, actuando en ese caso como axente colaborador da Comunidade Autónoma galega baixo a súa tutela e coordinación.



2. A FCG ten a consideración de entidade de utilidade pública, nos termos establecidos na lexislación.

3. A FCG posúe patrimonio propio, independente do dos seus asociados.



4. A FCG está integrada na RFCE e ostenta a súa representación oficial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

5. O galego é o idioma oficial da Federación en cooficialidade co castelán. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.

### Artigo 2. Domicilio

O domicilio social actual establécese en Santiago de Compostela (A Coruña), na Praza de León, nº1, piso 1º-D, domicilio que pode ser cambiado de localidade ou de provincia, dentro sempre do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante proposta da Xunta Directiva á Asemblea Xeral e por acordo de 2/3 dos membros asistentes a esta.

### Artigo 3. Estructura territorial

A estrutura territorial da FCG, que adoptará calquera das modalidades legalmente permitidas, determinarase no seu caso polo correspondente Regulamento de desenvolvemento dos presentes Estatutos.

### Artigo 4. Obxecto e funcións

1. A FCG exerce como funcións propias as seguintes:

- a) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.



b) Colaborar coas Administracións públicas e coa RFCE, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do deporte da columbofilia nas súas distintas disciplinas e especialidades.

c) De ser o caso, e conforme á normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.


d) Elaborar as súas propias normas técnicas e regulamento deportivo.

e) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de xuíces, segundo a normativa que sexa aplicable.

f) Fomentar a participación no deporte da columbofilia das persoas con discapacidade.

g) Exercer dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia e ca coordinación e tutela da Secretaría Xeral para o Deporte, as funcións de promoción, goberno, administración, xestión e organización do deporte da columbofilia, que constitúe o seu obxecto social:



1. Promover á práctica da columbofilia mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.
2. Actuar en coordinación cos clubs para a promoción e divulgación da columbofilia en toda Galicia e en todas as súas facetas.
3. Amparar técnica e administrativamente a práctica da columbofilia, velando polo apoio dos organismos competentes a esta especialidade deportiva dentro de Galicia.
4. Calquera outra actuación que lle sexa atribuída pola lexislación vixente ou que no ámbito da súa competencia acorde a asemblea xeral.
5. Organizar e cualificar, no seu caso, as actividades e competicións oficiais de ámbito autonómico galego.
6. Subministrar aos clubs os aneis de niño debidamente homologados co título de propiedade correspondente.
7. Subministrarlle aos clubs os aneis de caucho tipo Rossor debidamente homologados.
8. Intercambiar información de experiencias e resultados en materia de selección, reprodución, cría, anatomía e fisioloxía do esforzo da pomba



mensaxeira, con centros científicos e profesionais tanto de España como del estranxeiro.

9. Instituír os servizos de control de pombas para asegurar que non se atopen pombas nacionais ou estranxeiras sen o seu correspondente título de propiedade ou documento que o acredite.
10. Organizar e controlar a recuperación das pombas mensaxeiras.
11. Velar polo cumprimento das disposicións polas que se rexe.
12. En xeral todas cantas actividades non se opoñan, menoscaben ou destrúan o seu obxecto social.

2. A Federación Columbófila Galega, coa tutela da Administración deportiva, exercerá en réxime de exclusividade e de forma directa as seguintes funcións públicas delegadas, sen que poidan ser obxecto de delegación ou substitución sen autorización da Administración deportiva:



- a) Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas do deporte da columbofilia, consonte á normativa que sexa de aplicación.
- b) Organizar e cualificar as competicións oficiais autonómicas federadas así como as da RFCE que lle incumban.
- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica do deporte da columbofilia nos termos establecidos na lexislación vixente.
- d) Asignar as subvencións e axudas de carácter público concedidas e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento destes Estatutos.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola Lei 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos presentes Estatutos e Regulamentos de desenvolvemento.
- g) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h) Colaborar coas Administracións públicas competentes na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, a Federación instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte ó establecido na lexislación vixente.

i) Calquera outra que regulamentariamente se determine.

3. A Federación utilizará preferentemente para o cumprimento dos seus obxectivos e funcións as novas tecnoloxías da información e da comunicación, a través do seu propio sitio en Internet.

#### **Artigo 5. Normativa aplicable**

A Federación regulará a súa estrutura e funcionamento de acordo cos principios de representación e participación democrática, e rexerá pola Lei 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia, os presentes Estatutos e os seus Regulamentos de desenvolvemento, así como, de xeito suplementario, polos da RFCE que lle sexan aplicables.

#### **Artigo 6. Impacto medioambiental**

A Federación adoptará a premisa de respecto e conservación da natureza. Fomentará a educación medioambiental entre os deportistas e adoptará cantas medidas estean ao seu alcance co fin de salvagardar o patrimonio ecolóxico e forestal durante o desenvolvemento das súas actividades. Asemade, colaborará en materia de medio ambiente cos Organismos e Entidades Públicas ou Privadas no ámbito do seu territorio.

#### **Artigo 7. Neutralidade de xénero**

1. Pola propia natureza do deporte da columbofilia, a Federación axustarase na ordenación desta modalidade deportiva ó principio de neutralidade de xénero, fomentando asemade a organización e práctica desta modalidade deportiva con suxeición aos principios establecidos no artigo 29 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. Todas as referencias que se realicen nos presentes Estatutos a persoas de xénero masculino entenderanse feitas asemade, en condicións de plena igualdade, ás de xénero feminino.

## **TÍTULO II**

### **DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN DA FEDERACIÓN**

#### **Capítulo I. Xeneralidades**

#### **Artigo 8. Principio democrático**

A Federación axusta o seu funcionamento interno ao principio democrático baseado nas eleccións reguladas no seu propio Regulamento Electoral, nos termos previstos no artigo 5 dos presentes Estatutos.

#### **Artigo 9. Regulamento Electoral e procedemento de designación da xunta electoral**

1. O Regulamento Electoral da Federación será aprobado pola Asemblea Xeral e remitido á Administración autonómica, para a súa aprobación, con anterioridade á realización efectiva do proceso electoral.

2. O devandito Regulamento haberá de regular as seguintes cuestións:

a) Calendario electoral: prazos, requisitos para presentación e reclamacións de candidatos, así como sistemas de desempate e reclamacións.

b) Composición, competencias e funcionamento da xunta electoral e das mesas electorais.

c) Censo electoral, dividido por circunscricións electorais de existiren estas, con garantía da súa posta a disposición dos candidatos en cada caso.

d) Número de membros da Asemblea Xeral e distribución dos mesmos por estamentos.

e) Circunscricións electorais, de ser o caso, e número de representantes de cada estamento por cadansúa.

f) Regulación do voto por correo.

g) Sistema de elección do Presidente.

h) Composición e sistema de elección da Comisión Delegada.

i) Procedemento de resolución de conflitos, reclamacións e recursos electorais.

3. A xunta electoral constituirase de forma simultánea á convocatoria de eleccións, estando integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura, que deberá facerse na mesma Asemblea Xeral na que teña lugar a súa elección, podendo estar os candidatos presentes nela. Os membros da xunta electoral deberán reunir os requisitos seguintes:



a) Ser maior de 18 anos.

b) Non presentarse como candidato a membro da Asemblea Xeral.

c) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación.

d) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o Presidente da Federación propondrá á Asemblea Xeral os membros necesarios para completala, que deberán reunir os requisitos definidos no apartado anterior. No acto de sorteo designarase, ademais, o número de suplentes establecidos para supostos de enfermidade o calquera outra causa excepcional.





4. Para as primeiras eleccións á Asemblea Xeral aplicarase a normativa a que se refire a disposición transitoria única dos presentes Estatutos.

### **Artigo 10. Órganos colexiados, órganos unipersoais**

1. Os órganos de goberno e representación da Federación poden ser colexiados e unipersoais.

2. Son órganos colexiados da Federación a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada e a Xunta Directiva.

3. Son órganos unipersoais da Federación, o Presidente, o Secretario e o Tesoureiro.

### **Capítulo II. Dos órganos colexiados**

#### **Artigo 11. A Asemblea Xeral**

1. A Asemblea Xeral é o máximo órgano de representación e goberno da Federación, e nela estarán representados os seguintes estamentos:

a) Clubs deportivos.

b) Deportistas.

c) Xuíces.

2. A Asemblea Xeral estará composta por membros elixidos entre e polos distintos estamentos arriba mencionados. A representación na Asemblea Xeral dos distintos estamentos responderá ás proporcións establecidas na lexislación aplicable, segundo o disposto no Regulamento correspondente:

Clubs deportivos: entre o 60 e o 75%

Deportistas: entre o 20 e o 30%

Xuíces: entre o 5 e o 10%

3. A elección para a Asemblea Xeral levarase a cabo de acordo coas regras establecidas na lexislación aplicable, e no Regulamento Electoral.

4. Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos por sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre os integrantes maiores de 18 anos de cada estamento, consonte co número e proporcións de representación que se establecen nestes mesmos Estatutos e no Regulamento Electoral, nos anos en que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno. A representación dos clubs corresponde ao seu Presidente ou persoa autorizada, de acordo cos seus propios Estatutos. O exercicio dos dereitos dos deportistas e dos xuíces é persoal, e non admite delegación algunha. Ningún membro da Asemblea poderá ostentar unha dobre representación na mesma.

5. A Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, quedará validamente constituída cando concorran na primeira convocatoria a metade máis un dos seus



membros, e na segunda convocatoria —que terá lugar media hora máis tarde— calquera que sexa o número de asistentes.

6. A Asemblea Xeral deberá ser convocada polo Presidente, con inclusión dos puntos da orden do día a tratar:

- 1º) En sesión ordinaria, canto menos unha vez ao ano, necesariamente antes de comezar unha nova tempada deportiva, co obxecto de a lo menos:

a) Aprobar as contas anuais e o novo orzamento.

b) Liquidar o anterior orzamento.

c) Aprobar o calendario deportivo e máis as normas técnicas ou regulamentos deportivos que rexerán a competición.

d) Aprobar a memoria de actividades anuais, e

- 2º) En sesión extraordinaria todas as demais, e en concreto se fora precis

e) Aprobar ou modificar os estatutos.

7. A Asemblea Xeral poderá ser convocada, con carácter extraordinario, polo Presidente, ou a proposta dun número dos seus membros non inferior ao 25%.

Presentada a solicitude de convocatoria polo número de membros suficiente, o Presidente deberá convocala necesariamente no prazo de 10 días naturais. Desde a convocatoria ata a data de celebración da Asemblea non poderán transcorrer máis de 20 días naturais.

A convocatoria, que deberá conter a orde do día da reunión, notificarase individualmente a cada un dos membros da Asemblea cunha antelación mínima de 48 horas, por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción da mesma. Asemade farase pública na páxina web da Federación, con 10 días de antelación á data de celebración.

8. A Asemblea Xeral poderá reunirse en Pleno ou en Comisión Delegada.

9. Son competencias da Asemblea Xeral, en reunión plenaria, con carácter exclusivo:

a) A aprobación das contas anuais, do presuposto anual e máis a súa liquidación.

b) A aprobación do calendario deportivo e máis das normas técnicas ou regulamentos deportivos que rexerán a competición.

c) A aprobación dos regulamentos.

d) A aprobación e máis a modificación dos Estatutos.



e) A elección e máis o cese do Presidente.

f) A disolución da Federación, que deberá ser acordada por decisión dos 2/3 de todos os seus membros.

h) Calquera outras que estean previstas nos presentes Estatutos e máis, en xeral, todas aquelas que non estean atribuídas expresamente a outros órganos da Federación.



10. O voto será persoal. Non se admitirá a delegación de voto, salvo o correspondente aos clubs deportivos, que poderá exercitar o seu Presidente ou a persoa na que el delegue, sempre que non sexa membro da Asemblea da Federación, de acordo co seus propios Estatutos e con carácter expreso e escrito para cada reunión.

11. A orden do día poderá ser modificada no senso de incorporar novos puntos a petición fundada dun quinto dos membros da asemblea xeral, e sempre que esta incorporación se solicite con un marxe de tempo suficiente para que poida ser notificada a todos os membros da asemblea xeral con unha antelación mínima de tres días a fecha de celebración da asemblea.

Os acordos serán adoptados, como regra xeral, por maioría simple, salvo naqueles casos nos que sexa precisa maioría cualificada, consonte cos presentes Estatutos e Regulamentos que os desenvolvan.

De todos os acordos levantarase acta, especificando os nomes das persoas que interviñeron e demais circunstancias que se consideren oportunas, así como o resultado da votación e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

Os votos contrarios ó acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que puideran derivarse, de ser o caso, dos devanditos acordos.

Todos os acordos serán públicos, salvo que, excepcionalmente, se acorde o contrario por maioría das tres cuartas partes dos membros do órgano decisorio.

Os acordos da Asemblea Xeral poderán ser impugnados ante a Administración deportiva autonómica, consonte co disposto na lexislación vixente.

## Artigo 12. A Comisión Delegada

1. A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.

2. O número de membros da comisión delegada será o 15% dos membros da Asemblea Xeral. En ningún caso este número será inferior a 5 nin superior a 15, debendo estar representados todos os estamentos, respectándose a proporcionalidade da Asemblea Xeral. O procedemento de elección será o fixado polo Regulamento Electoral da Federación.

3. Se se producise algunha vacante cubriríase co seguinte candidato máis votado.

4. Será presidida polo Presidente da Federación como membro nato da mesma.

5. O presidente da federación convocará a comisión delegada, que se reunirá, como mínimo cada 4 meses para os fins da súa competencia e polo menos para realizar o seguimento da xestión deportiva e económica da federación.

6. Corresponde á comisión delegada da Asemblea Xeral, con independencia do que poida serlle asignado nos estatutos federativos:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación do calendario deportivo.
- c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos.
- d) O seguimento da xestión deportiva e económica da federación.



As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se van tratar na comisión corresponde exclusivamente ao presidente ou a dous terzos dos membros da comisión delegada.

### Artigo 13. A Xunta Directiva

1. A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión ordinaria da Federación, sendo os seus membros designados e separados libremente polo Presidente, que a presidirá.

2. Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral terán acceso ás sesións da mesma, con dereito a voz pero sen voto.

3. Todos os cargos son honoríficos e, en caso extraordinario, cando se estableza unha compensación económica xustificada a favor dalgún dos membros da Xunta Directiva, ten que ser expresamente acordada por maioría absoluta da Asemblea Xeral e constar de xeito diferenciado no orzamento. En ningún caso, a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación.

4. Os membros da Xunta Directiva deberán estar en posesión da licenza federativa.

5. As funcións da Xunta Directiva son, entre outras:

- a) Organizar, impulsar, desenvolver e adaptar o programa deportivo, as actividades e máis o calendario de competición da Federación.
- b) Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- c) Desenvolver o orzamento xeral anual aprobado pola Asemblea Xeral, así como a xestión económica e administrativa da Federación.

## Capítulo III. Dos órganos unipersonais

### Artigo 14. O Presidente

1. O Presidente é o órgano executivo da Federación. Exerce a súa representación legal, convoca e preside os órganos de representación e goberno, e executa os acordos dos mesmos.

2. Será elixido cada catro anos por sufraxio libre, igual, directo e secreto, polos compoñentes da Asemblea Xeral presentes no momento da elección, coincidindo cos anos dos Xogos Olímpicos de Inverno, de acordo coa lexislación aplicable e o Regulamento de aplicación. Non é necesario que sexa membro da Asemblea Xeral. Solo poderá ser reelixido consecutivamente unha vez. Non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa. Non poderá exercer simultaneamente a presidencia dun club deportivo integrado na Federación.

3. En caso de ausencia ou incapacidade temporal, o Presidente será substituído polo membro da Xunta Directiva designado polo propio Presidente, ou, no seu defecto, polo vocal de maior idade.

4. O Presidente da Federación exercerá as seguintes funcións:

a) Convocar, presidir e dirixir os órganos de goberno e representación dos que forme parte.

b) O voto de calidade, en caso de empate, naquelas decisións a adoptar nos órganos que preside.

c) Estimular e coordinar a actuación dos órganos federativos.

d) Promover a creación de órganos complementarios aos de goberno e representación para asistir ao presidente, que se rexerán polos seus respectivos regulamentos internos e no seu caso, pola normativa emanada da RFCE, lexislación aplicable e polo disposto nos presentes estatutos:

1. Técnicos: comité deportivo, comité de xuíces.




2. De xustiza: comité de competición, comités de disciplina deportiva e apelación.

d) Ordenar pagos a nome da Federación, asinando co Tesoureiro os documentos ao efecto.

e) Conferir poderes especiais ou xerais a letrados, procuradores ou calquera outra persoa mandataria para que ostente a súa representación legal, tanto en xuízo como fora del.

f) Designar e separar ao Secretario e máis ao Tesoureiro, así como aos demais membros da Xunta Directiva.

5. O Presidente da Federación cesará no seu cargo polos motivos seguintes:



- a) Expiración do prazo de mandato.
- b) Renuncia, morte ou incapacidade.
- c) Incurrir nalgunha das causas de inelixibilidade establecidas nos presentes Estatutos.
- d) Aprobación da moción de censura, que será sempre construtiva.



6. Producido o cese do Presidente por calquera das causas establecidas, e se a moción de censura, o Presidente en funcións convocará a Asemblea Xeral nun prazo non superior a un mes, e a celebración de eleccións deberá ser anterior ao transcurso de dous meses desde o seu cese.

7. A moción de censura haberá de ser proposta por, alomenos, o 45% dos membros da Asemblea Xeral.

Presentada a moción de censura, o Presidente enviará a convocatoria da Asemblea Extraordinaria en prazo non superior a 10 días naturais. Entre a data da súa convocatoria e a votación da moción de censura non poden transcorrer máis de 20 días naturais.

O triunfo da moción de censura producirase polo voto favorable da maioría absoluta dos membros da Asemblea Xeral, resultando elixido Presidente o membro da Asemblea que expuxo a mesma.

Se a moción de censura fose rexeitada pola Asemblea Xeral, os seus asinantes non poderán presentar outra moción ata transcorrido un ano.

#### **Artigo 15. O Secretario**

1. O Secretario, que o será tamén da Xunta Directiva, será designado e separado polo Presidente.

2. O Secretario exercerá as funcións de fedatario e asesor, e máis especificamente as de:

- a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.
- b) Expedir as certificacións oportunas dos acordos adoptados dos órganos de goberno e representación.
- c) Cantas funcións lle encomenden os presentes Estatutos e máis os Regulamentos da Federación, así como a lexislación vixente.

#### **Artigo 16. O Tesoureiro**

O Tesoureiro será designado e separado polo Presidente, podendo recaer o nomeamento no Secretario. O Tesoureiro exercerá as funcións de:

- a) Levar a contabilidade da Federación.

- b) Exercer a inspección económica de todos os órganos da Federación.
- c) Elaborar y presentar balances do estado contable da Federación.
- d) Calquera outra función que lle encomenden os presentes Estatutos e máis os Regulamentos da Federación.



### TÍTULO III

## REQUISITOS DE ADQUISICIÓN OU PERDA DA CONDICIÓN DE FEDERADO, RÉXIME DE CONCESIÓN DE LICENZAS FEDERATIVAS E CONDICIÓN DESTAS, E DEREITOS, DEBERES E RESPONSABILIDADES DE TODOS OS SEUS INTEGRANTES

### Artigo 17. Requisitos de adquisición o perda da condición de federado, e réxime de concesión de licenzas federativas e condicións destas

1. Os clubs deportivos que con domicilio social en Galicia teñan entre os seus fins a práctica e promoción do deporte da columbofilia, integraranse a petición propia na Federación, debendo cumprir os seguintes requisitos:

- a) Solicitude de admisión mediante instancia dirixida ao Presidente.
- b) Número de Rexistro dos Estatutos.

2. A admisión dun club non comportará, baixo ningún concepto, en principio, ingreso económico á Federación. Por tanto, a admisión será en principio gratuíta, así como en igualdade de dereitos que o resto de clubs deportivos.

Para participar nas competicións oficiais de carácter estatal ou autonómico, os clubs terán de estar ao corrente das súas obrigas coa FCG, tanto de carácter económico como documental, ademais das regulamentarias.

As inscricións dos clubs, deportistas e xuíces na FCG, efectuarase con data de 1 de xaneiro do ano e a súa tramitación levarase a efecto no último trimestre do ano anterior. Para que un club estea inscrito na FCG deberá ter como mínimo cinco socios con licenzas federativas en vigor.

3. A integración dos deportistas e xuíces columbófilos na Federación producirase mediante a concesión das licenzas deportivas. As licenzas poderán ser expedidas pola Federación ou, de ser o caso, tramitadas pola Federación (FCG) e expedidas pola RFCE. As licenzas expedidas pola Federación axustaranse a súa regulación específica. As licenzas tramitadas pola Federación (FCG) e expedidas pola RFCE axustaranse, de ser o caso, ao disposto nun Regulamento de desenvolvemento dos presentes Estatutos.

4. A licenza federativa é o documento regrado expedido pola FCG que lle acredita ao seu titular a súa inscrición nesta Federación. Non poderá denegarse cando o solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención. Permitirá participar nas competicións oficiais organizadas ou autorizadas pola Federación, intervir nas súas actividades nos seus órganos de goberno e representación e gozar de todos os dereitos e obrigas que se establecen nos presentes estatutos e nas demais normas federativas. A licenza estará sempre vinculada a un club deportivo.




5. O prazo de resolución da admisión dun club ou da concesión dunha licenza non será superior a 30 días naturais, a contar desde a recepción da solicitude.

6. As resolucións, tanto aprobatorias como denegatorias, deben comunicarse expresa e directamente ao club ou ao interesado, sinalando, de ser o caso, o incumprimento dos requisitos. A resolución poderá ser recorrida ante os órganos competentes.

7. Tanto a integración de deportistas como a de clubs na Federación implica a integración automática e a tódolos efectos na RFCE.

8. A perda da condición de federado producirase nos termos establecidos pola lexislación vixente.



### **Artigo 18. Dereitos dos federados**

1. Os federados teñen dereito a non seren discriminados por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Con carácter xeral, todos os federados teñen o dereito a recibir a tutela da Federación respecto aos seus intereses deportivos lexítimos, así como o de participar nas súas actividades e no seu funcionamento a través dos medios e das canles establecidas.

3. Igualmente poderán participar na súa xestión, sendo electores e elixibles para os seus órganos de goberno e representación, consonte ao disposto nas normas electorais vixentes en cada momento.

### **Artigo 19. Deberes e responsabilidades dos federados**

1. Os federados teñen o deber de estar en posesión da licenza federativa así como de estar ao corrente das súas obrigas tanto económicas como documentais.

Os deportistas afiliados a clubs que deixen de ter actividade deportiva ou causen baixa na federación sen ter cancelado as súas débedas, terán que abonar a parte alícuota da débeda do seu club de orixe para poder obter a renovación da súa licenza con outro club.

2. Os federados tamén teñen o deber de aceptar e cumprir os Estatutos e Regulamentos da Federación, así como o de someterse á autoridade dos órganos federativos en relación coas materias da súa competencia, sen prexuízo do dereito a impugnar ou recorrer as súas decisións ante as instancias correspondentes, acudindo incluso ante a xurisdición competente.




3. O incumprimento dos devanditos deberes poderá xerar responsabilidade, nos termos establecidos pola lexislación vixente.

## TÍTULO IV RÉXIME DE RESPONSABILIDADE DO PRESIDENTE E DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA



### Artigo 20. Principio xeral

O Presidente, membros da Xunta Directiva ou dos órganos de dirección que se poidesen establecer estatutariamente serán persoalmente responsables, fronte á propia Federación, fronte ós seus membros ou fronte a terceiros:



a) Das obrigas que contraese a Federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado respaldo contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflicta a natureza e alcance da obriga en cuestión, e que deforme a imaxe fiel que debe producir aquela.

b) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.

c) En xeral, dos actos ou das omisións que supoñan un prexuízo para a Federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

### Artigo 21. Exención de responsabilidade

A responsabilidade descrita no artigo anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquel.

### Artigo 22. Responsabilidade disciplinaria

A responsabilidade regulada no presente Título é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incurrir, e que se esixirá consonte ás disposicións xerais vixentes.

## TÍTULO V DO RÉXIME DOCUMENTAL

### Artigo 23. Principio xeral

A custodia e a levanza da documentación e libros oficiais da Federación, libro de rexistro de entradas e saídas de documentos e os arquivos da Federación corresponde ao seu Secretario.

#### **Artigo 24. Libros-rexistro**

A Federación levará alomenos os seguintes libros-rexistro debidamente dilixenciados:

- a) De clubs deportivos.
- b) De deportistas.
- c) De actas dos órganos de goberno e representación.
- d) De contabilidade.
- e) De inventario de bens mobles e inmobles.
- f) Dos resultados das actividades deportivas promovidas pola Federación.



#### **Artigo 25. Exame e supervisión dos libros-rexistro**

Os libros-rexistro e demais documentación estarán a disposición en todo momento da Administración deportiva autonómica competente, para o seu exame e supervisión.

### **TÍTULO VI DO RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO**

#### **Artigo 26. Do orzamento e da data de peche do exercicio económico da Federación**

1. A Federación ten orzamento e patrimonio propios e deberá someter a súa contabilidade e o seu estado económico ou financeiro ás prescricións legais.
2. A Federación non poderá aprobar orzamentos deficitarios, aínda que, excepcionalmente, a Administración deportiva autonómica competente os poderá autorizar con tal carácter.
3. A administración do orzamento responderá o principio de caixa única, debendo dedicar os ingresos propios, de forma prioritaria, aos gastos da estrutura federativa.
4. O presuposto da federación debe coincidir co ano natural. (1 de xaneiro a 31 de decembro).
5. A Xunta Directiva elaborará o proxecto de orzamento correspondente ao seguinte exercicio, o peche do cal coincidirá co da tempada deportiva respectiva, para a súa aprobación pola Asemblea Xeral durante o último trimestre do exercicio económico.

5. O devandito orzamento deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes desde a súa aprobación.

### **Artigo 27. Inspección económica**

A Federación someterá os seus libros de contabilidade á inspección, así como as auditorías financeiras sobre a totalidade dos seus gastos, a requirimento da Administración deportiva autonómica competente.

### **Artigo 28. Exhibición da documentación económica**

As contas anuais e os orzamentos teñen que estar no domicilio social da Federación, cunha antelación de 15 días á celebración da Asemblea Xeral, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, as cales poderán pedir copia, que se lles entregará antes da celebración da Asemblea.

### **Artigo 29. Ingresos da Federación**

1. O patrimonio da Federación estará integrado por:

- a) Cotas dos seus afiliados.
- b) Dereitos de inscrición e demais recursos que procedan das competicións organizadas pola Federación.
- c) Rendementos dos bens propios.
- d) Subvencións, ou outras achegas, que as entidades públicas poidan concederlles, así como doazóns, herdanzas, legados e premios que lles sexan outorgados por entidades públicas ou privadas.
- e) Calquera outro recurso que lles poida ser atribuído.




2. A Federación destinará a totalidade dos seus ingresos e do seu patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto.

3. Os fondos deberán depositarse necesariamente en contas a nome da Federación, en entidades financeiras, sen prexuízo de manter en caixa as sumas precisas para atender os gastos correntes.

4. Toda disposición de fondos con cargo ás devanditas contas deberá autorizarse por dúas sinaturas mancomunadas: a do Presidente e a do Tesoureiro. Non obstante, en casos de ausencia xustificada ou de enfermidade, calquera deles poderá delegar a súa sinatura en outro membro da Xunta Directiva. A devandita delegación deberá realizarse por escrito.

### **Artigo 30. Regras económico-financeiras específicas**

Será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda ou gravame dos bens inmobles cuxa titularidade lle corresponda á Federación que fosen financiados, en todo ou en parte, con fondos públicos. Así mesmo, requirirase igual autorización cando a Federación pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a



natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu orzamento, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización poderase consignar nos contratos programa que poidan ser asinados entre a Administración deportiva autonómica e a Federación para o desenvolvemento das súas actividades e funcións.

## TÍTULO VII DO RÉXIME DISCIPLINARIO

### Capítulo I. Disposicións xerais sobre infraccións e sancións



#### Artigo 31. Tipificación, natureza e clasificación das infraccións

1. As infraccións das regras do xogo ou da competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas nestes Estatutos constitúen faltas disciplinarias. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infraccións.

2. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

- a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba, encontro ou competición.
- b) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos deportistas cando se dirixan aos xuíces, aos xurados ou a outros deportistas.
- c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
- d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas da especialidade, cando poidan alterar a seguridade da proba ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
- e) Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- f) A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.
- g) A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable o Presidente da Federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incurrir outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

3. Consideraranse infraccións graves as seguintes:

- a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.
- d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se refiren as letras a) e b) poderá ser responsable o **Presidente da Federación**, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:

- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incluídas na cualificación de moi graves ou graves.
- b) A incorrección co público ou compañeiros.
- c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

**Artigo 32. Sancións**

1. Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:

- a) Multa en contía non superior a 1.500 euros.
- b) Perda de puntos ou postos de clasificación.
- c) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos na Federación por un prazo máximo de cinco anos.
- d) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na Federación a perpetuidade. Esta sanción unicamente se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
- e) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan



cometidas por directivos.

f) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

2. Pola comisión de faltas graves imponse as seguintes sancións:

a) Amoestación pública.

b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.

c) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

3. Pola comisión de faltas leves imponse as seguintes sancións:

a) Apercibimento.

b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou de unha a tres probas.

4. As multas só se lles poderán impoñer ás entidades deportivas e aos que, conforme a estes Estatutos, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.

### **Artigo 33. Principio de proporcionalidade**

1. No establecemento de sancións pecuniarias deberase ter en conta que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

2. Na determinación do réxime sancionador, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.



3. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.

4. En función das circunstancias previstas nas liñas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de concorreren circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

### **Artigo 34. Circunstancias que poden modificar a responsabilidade**

1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.

2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.




3. Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.

4. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

### **Artigo 35. Causas de extinción da responsabilidade**

A responsabilidade disciplinaria extinguese:

- a) Polo cumprimento da sanción.
- b) Polo falecemento da persoa inculpada.
- c) Pola disolución da entidade sancionada.
- d) Pola prescrición das infraccións ou sancións.



### **Artigo 36. Prescrición de infraccións e sancións**

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.

2. O tempo para a prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómtese no momento no que se acorde iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo volverá a computar se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.

3. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa comezase.

### **Artigo 37. Prohibición de dobre sanción polos mesmos feitos**

Non poderá impoñerse máis dunha sanción polos mesmos feitos.

### **Artigo 38. Aplicación dos efectos retroactivos favorables**

As disposicións disciplinarias teñen efecto retroactivo en canto favorezan ao infractor, aínda que no momento de publicación das disposicións mais favorables recaera sanción firme.

### **Artigo 39. Prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas no momento da súa comisión**

Non poderá impoñerse sanción algunha por accións ou omisións non tipificadas como infracción con anterioridade ao momento de producirse, nin tampouco poderán

impoñerse sancións que non estean establecidas por norma anterior á comisión da infracción.

## Capítulo II. Procedementos e órganos disciplinarios deportivos



### Artigo 40. Procedemento disciplinario

A imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas nestes Estatutos e no Regulamento de réxime disciplinario que o desenvolva axustarase aos procedementos previstos no Capítulo IV do Título VII da Lei 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia.

### Artigo 41. Clases de procedementos

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.
2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición. En todo caso, deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.
3. O procedemento ordinario será de aplicación para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

### Artigo 42. Regras comúns aos procedementos

1. No non previsto polos presentes Estatutos, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia, na Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.
3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.
4. As actas subscrias polo responsable da competición deportiva ou, no seu caso polos xuíces da proba, constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas. As manifestacións do xuíz ou do responsable federativo da proba ou competición plasmadas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.

### Artigo 43. Procedemento abreviado

As regras ás que se axusta o procedemento abreviado son as seguintes:

#### 1. Iniciación:

- a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscria polo xuíz



ou responsable federativo da proba e polos competidores ou polos delegados dos clubs. No suposto de que os feitos que poidan dar lugar a sanción non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iníciase no momento no que teña entrada na Federación o anexo da acta da proba ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuizamento. Ademais, designarase unha persoa instrutora que exercerá as funcións de impulso na ordenación do expediente e de secretaria ou secretario, e serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, de 26 novembro.

b) Tamén se pode iniciar a instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da Federación dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se celebrara a proba ou competición.



## 2. Tramitación e resolución:

a) No prazo de dous días, que se contarán desde a notificación prevista na liña anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, anexo ou denuncia. Tamén poderán propoñer ou achegar, se é o caso, as probas pertinentes. A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.

b) O órgano instrutor trasladará, no prazo máximo de dous días que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade. A resolución deberase notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

## Artigo 44. Procedemento ordinario

As regras ás que se somete o procedemento ordinario son as seguintes:

### 1. Iniciación:

a) O procedemento iníciase por acordo do órgano competente, de oficio ou a instancia de persoa interesada.

b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada. Serán aplicables ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas na Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## 2. Tramitación:

a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou a instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

b) O acordo de iniciación notificarase ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.

c) Practicaranse de oficio ou admitiranse a proposta da persoa interesada tantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución, ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable -e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer-, ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións. A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que estimen pertinentes.

## 3. Resolución:

a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, elevará o expediente ao órgano competente para resolver.

b) A resolución do órgano competente pon fin ó procedemento común e dítarase no prazo máximo de dez días hábiles.

### **Artigo 45. Lexitimación para recorrer as sancións**




Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

### **Artigo 46. Órganos disciplinarios**

No Regulamento de réxime disciplinario especificarase a composición e funcionamento dos órganos competentes en materia disciplinaria, que serán:

a) Na primeira instancia, un comité de competición ou xuíz único.

b) Na segunda instancia, un comité de apelación.



### **Artigo 47. Comité Galego de Xustiza Deportiva**

Contra as resolucións da Federación en materia disciplinaria que esgoten a vía federativa (é dicir, contra as resolucións do Comité de Apelación) cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

## **TÍTULO VIII DA REFORMA DOS ESTATUTOS**



### **Artigo 48. Órgano competente e proposta**

Os Estatutos da Federación unicamente poderán modificarse por acordo da Asemblea Xeral reunida en sesión extraordinaria, previa inclusión na orde do día da modificación que se pretende. A proposta de modificación estatutaria, salvo cando esta deba realizarse por imperativo legal, poderá ser proposta por un terzo dos membros da Asemblea Xeral, ou pola Xunta Directiva.

### **Artigo 49. Emendas**

Da proposta de modificación darase traslado a cada un dos membros da Asemblea Xeral, que deberán contar cun prazo non inferior a dez días para facer chegar á Federación as emendas ou suxerencias que estimen pertinentes. Entre a data de recepción da proposta de modificación na sede da Federación e a reunión da Asemblea Xeral na que a mesma se debata non poderán transcorrer máis de tres meses, polo cal, se non estiver prevista reunión da Asemblea Xeral dentro dese prazo, deberá convocarse unha a tal fin.

### **Artigo 50. Debate**

A Asemblea Xeral abrirá a sesión coa lectura do texto da modificación proposta, así como das emendas ou suxerencias efectuadas. Posteriormente, tras o debate a que dera lugar, se procederá á votación.

### **Artigo 51. Votación**

A aprobación pola Asemblea Xeral da modificación proposta requirirá o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

### **Artigo 52. Aprobación**

A reforma requirirá, unha vez aprobada pola Asemblea Xeral, a aprobación pola Administración deportiva de Galicia e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## **TÍTULO IX CAUSAS E PROCEDIMENTO DE EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN**

### **Artigo 53. Causas de extinción**

A Federación extinguirase polas seguintes causas:

- a) Pola revogación do seu recoñecemento.

b) Por resolución xudicial.

c) Por integración ou fusión con outra Federación deportiva galega.

d) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico.



#### **Artigo 54. Procedemento de extinción e disolución**

1. En caso de extinción e disolución da Federación, unha vez liquidado o seu patrimonio, a parte restante, se a houber, destinarase aos fins de carácter deportivo que determine a Administración deportiva autonómica competente.

2. A extinción e disolución realizaranse cumprindo os trámites de procedementos previstos na lexislación vixente.

#### **Disposición adicional única**

As normas regulamentarias de desenvolvemento dos presentes Estatutos, con exclusión das normas técnicas ou regulamentos deportivos que rexen a competición, depositaranse no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e daranse a coñecer a través da páxina web da Federación.

O calendario oficial aprobado pola Asemblea Xeral deberá comunicarse, nos termos esixidos pola lexislación vixente, á Administración deportiva no prazo de sete días desde a súa aprobación.

#### **Disposición final única. Entrada en vigor**

Os presentes Estatutos entrarán en vigor tras a súa aprobación polo órgano competente, sen prexuízo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

